CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
29 JUL. 2024 14:26:15
Entrada 34806

Sobre o sistema antinéboa do Alto do Fiouco na A-8

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de axilizar a instalación da solución técnica que garanta a circulación segura no Alto do Fiouco na A-8.**

En xullo de 2014 producíase un tremendo accidente na autovía A-8 no tramo situado entre A Carreira no Concello de Abadín e Lindín no Concello de Mondoñedo, no Alto do Fiouco, que causou a morte dunha muller e case 50 feridos despois dunha cadea de colisións debido á nula visibilidade pola mesta néboa.

Ese accidente alertou sobre a necesidade de adoptar medidas no citado traxecto en que as intensas néboas son moi frecuentes, especialmente entre a primavera e outubro. Porén, no deseño e configuración da autovía A-8 ao seu paso polo Alto do Fiouco non se tiveron en conta as características xeográficas e climáticas propias da zona.

En 2015 o Ministerio abriu un proceso para a proposta de solucións técnicas avanzadas destinadas a mellorar a visibilidade e a seguranza na condución. Entre todas as opcións innovadoras o Ministerio optou por un sistema de luces láser, porén, aínda parece estar en fase de redacción o proxecto dez anos despois do terríbel accidente. .

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
29 JUL. 2024 14:26:15
Entrada 34806

Neste tempo, foron habituais os fechamentos neste tramo de autovía polas néboas e o desvío do tráfico por unha N-634 que non está en condicións para absorber o tráfico debido ao mal estado do seu firme ademais da falta de capacidade para o tránsito de miles de vehículos.

A presión política e social levou ao Ministerio a adoptar unha medida provisional coa instalación das denominadas "balizas intelixentes" con luces led nas marxes da vía que reduciron os cortes na A-8 mais non é a solución definitiva que se demanda a un problema que é estrutural pola mala configuración da autovía e o seu trazado.

O sistema elixido polo Ministerio implica a instalación de luces láser que indican unha liña pola que circular e que tamén incorporan sensores que avisan doutros perigos. É o momento de axilizar a solución técnica seleccionada para que se poida conducir con seguridade por unha vía que foi pensada para liberar de tráfico a vetusta N-634.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. En que estado de tramitación se encontra o proxecto para instalar un sistema innovador de luces láser no tramo da A-8 no Alto do Fiouco para paliar os problemas de falta de visibilidade e de inseguridade viaria polas frecuentes néboas, fenómeno climático endémico na zona?

2. Non deberían axilizarse os trámites para a instalación desta solución técnica que leva anos de retraso? A que se debe a demora nunha mellora que foi aprobada hai tempo?

3. Que disposición ten o Ministerio a imprimir unha maior velocidade á instalación deste necesario sistema para poder circular pola A-8 sen risco e sen necesidade de cortar o tráfico polas néboas?

29 JUL. 2024 14:26:15 Entrada: 34806

4. Comparte que a N-634 non está en condicións, debido ao seu mal estado, de absorber o tráfico da A-8 cando se fecha á circulación?

Madrid, a 29 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

29 JUL. 2024 14:26:15 Entrada: 34806

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a** la necesidad de agilizar la instalación de la solución técnica que garantice la circulación segura en el alto del Fiouco en la A-8.

En julio de 2014 se producía un tremendo accidente en la autovía A-8 en el tramo ubicado entre A Carreira no Concello de Abadín y Lindín en el Concello de Mondoñedo, en el Alto do Fiouco, que causó la muerte de una mujer y casi 50 heridos después de una cadena de colisiones debido a la nula visibilidad por la densa niebla.

Ese accidente alertó sobre la necesidad de adoptar medidas en el citado trayecto en que las intensas nieblas son muy frecuentes, especialmente entre la primavera y octubre. Sin embargo, en el diseño y configuración de la autovía A-8 a su paso por el Alto do Fiouco no se tuvieron en cuenta las características geográficas y climáticas propias de la zona.

En 2015 el Ministerio abrió un proceso para la propuesta de soluciones técnicas avanzadas destinadas a mejorar la visibilidad y la seguridad en la conducción. Entre todas las opciones innovadoras el Ministerio optó por un sistema de luces láser, sin embargo, aun parece estar en fase de redacción el proyecto diez años después del terrible accidente.

En este tiempo, fueron habituales los cierres en este tramo de autovía por las nieblas y el desvío del tráfico por una N-634 que no está en condiciones para

29 JUL. 2024 14:26:15 Entrada: 34806

absorber el tráfico debido al mal estado de su firme además de la falta de capacidad para el tránsito de miles de vehículos.

La presión política y social llevó al Ministerio a adoptar una medida provisional con la instalación de las denominadas “balizas inteligentes” con luces led en las márgenes de la vía que redujeron los cortes en la A-8 mas no es la solución definitiva que se demanda a un problema que es estructural por la mala configuración de la autovía y su trazado.

El sistema elegido por el Ministerio implica la instalación de luces láser que indican una línea por la que circular y que también incorporan sensores que avisan de otros peligros. Es el momento de agilizar la solución técnica seleccionada para que se pueda conducir con seguridad por una vía que fue pensada para liberar de tráfico la vetusta N-634.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿En qué estado de tramitación se encuentra el proyecto para instalar un sistema innovador de luces láser en el tramo de la A-8 en el alto del Fiouco para paliar los problemas de falta de visibilidad y de inseguridad viaria por las frecuentes nieblas, fenómeno climático endémico en la zona?

2. ¿No deberían agilizarse los trámites para la instalación de esta solución técnica que lleva años de retraso? ¿A qué se debe la demora en una mejora que fue aprobada hace tiempo?

3. ¿Qué disposición tiene el Ministerio a imprimir una mayor velocidad a la instalación de este necesario sistema para poder circular por la A-8 sobre seguro y sin necesidad de cortar el tráfico por las nieblas?

29 JUL. 2024 14:26:15 Entrada: 34806

4. ¿Comparte que la N-634 no está en condiciones, debido a su mal estado, de absorber el tráfico de la A-8 cuando se cierra a la circulación?

Madrid, a 29 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

29 JUL. 2024 14:26:15 Entrada: 34806